



Concello de Guitiriz

ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano Colexiado: |
| PLN/2023/3 | O Pleno |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|--------------------------|--------------------------------------|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 30 de marzo de 2023 |
| Duración | Desde as 19:30 ata as 22:50 horas |
| Lugar | Sala de sesións da Casa Consistorial |
| Presidida por | Marisol Morandeira Morandeira |
| Secretario | Pablo Portela Fernández |

ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|-----------|----------------------------------|--------|
| 33554944Z | Ainara Pérez Losada | SÍ |
| 33310371T | Angel Seoane Lamela | SÍ |
| 33860503H | Carlos Placido Bujan Lopez | SÍ |
| 33852173Z | Francisco José Penas Pardo | SÍ |
| 32822479F | Laura Ageitos Miragaya | SÍ |
| 32776632E | Marisol Morandeira Morandeira | SÍ |
| 33844142X | María Manuela Carballeira García | SÍ |
| 76577601K | Monica Vázquez Lago | SÍ |
| 33346610Z | Paula Campo Barral | SÍ |
| 33317872A | Pilar Vazquez Ares | SÍ |
| 33826774F | Xosé Lois González Souto | SÍ |
| 33843554C | Xosé María Teixido Nuñez | SÍ |





Concello de Guitiriz

| | | |
|-----------|--------------------|----|
| 33538075G | Ivan morado corral | SÍ |
|-----------|--------------------|----|

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 296/2023. Dación conta resolucións alcaldía dende o número 2023-0044 ata 2023-0227

Dáse conta das resolucións da alcaldía dende o número 2023-0044 ata o 2023-0227.

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0, Abstención: 0, Ausentes: 0

Por unanimidade dos seus asistentes, o pleno procedeu a aprobar a acta da sesión plenaria de data 26 de xaneiro de 2023.

Expediente 29/2023. Resolución de alegación e aprobación definitiva da modificación da RPT (8ª modificación). Texto refundido RPT

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstención: 6, Ausentes: 0

<< Resolución de alegación á aprobación definitiva da modificación da RPT (8ª modificación). Texto refundido RPT. Expte: 29/2023.

Vistos os seguintes antecedentes máis relevantes que constan no expediente:

Por acordo plenario de data 30/01/2020 aprobouse definitivamente a modificación da RPT e Texto Refundido da RPT 2020 e publicouse no BOP de data 8/02/2020.

Vista a providencia de alcaldía de data 12/01/2023 de incoación de expediente para a modificación da RPT do Concello de Guitiriz dunha serie e postos a nivel retributivo e a regulación para a posible carreira horizontal dalgunha ficha explicados na Plantilla e os Anexos de Persoal

Visto o informe xurídico de secretaría nº 2023-0009 de data 17/01/2023 e o informe de intervención 2023-0007 de data 17/12/2023





Concello de Guitiriz

Ao amparo do establecido no Estatuto Básico do Empregado Público e no Estatuto dos Traballadores, e da cláusula 4 do Acordo Marco Regulador do Persoal Funcionario e do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Guitiriz, someteuse dito proxecto de modificación puntual da RPT a negociación colectiva no marco da Mesa Xeral de Negociación de data 15/11/2021.

Por acordo plenario de data 26/01/2023 aprobouse inicialmente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT; 8ª modificación) vixente do Concello de Guitiriz concedendo un trámite de audiencia para a presentación de alegacións durante un período de 20 días, segundo anuncio publicado no BOP de Lugo nº 30 de data 06/02/2023.

Vistas a alegación presentada por Lois Neto López en representación da CIG en data 06/03/2023 no RE268 na que solicita “ que na 8ª modificación da RPT do Concello de Guitiriz se amplíe a posibilidade da promoción horizontal á totalidade do persoal municipal en base a un criterio de homoxeneización de toda a plantilla ao respecto do sistema de promoción”

De conformidade co disposto nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Considerando que conforme establece o artigo 22.2.i) da Lei 7/85 de 2 de Abril, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación da Relación de Postos de Traballo e polo tanto a resolución do recurso.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE, coas abstencións do PP e BNG acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Admitir as alegacións presentadas por estar lexitimado o recorrente e estar presentado en tempo e forma.

SEGUNDO: Desestimar as alegacións, posto que non se aporta argumentación algunha sobre a ilegalidade de ditos acordos entendéndoos conforme a dereito. Esta alcaldía considera necesario comezar coa posibilidade de promoción horizontal nos postos de administrativo e ver cómo afecta e se vai desenvolvendo. Unha vez avaliada a súa posta en marcha, estudarase a posibilidade de incluíla nos demais postos da RPT.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente o expediente da 8º modificación da RPT aprobado inicialmente en sesión plenaria de data 26/01/2023.

CUARTO.- Publicar a RPT aprobada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma >>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que eles non están de acordo coa desestimación da alegación presentada pola CIG posto que está ben fundamentada. Como se pode observar vostede sigue favorecendo a uns





Concello de Guitiriz

traballadores/as e discriminando a outros, favorece as fichas 7, 8 e 9 dos postos de administrativos cando hai postos de traballo que non cobran o que estipula o convenio. O PP esixe que esta promoción horizontal sexa para todos/as os/as traballadores/as do concello.

O voceiro do BNG di que esta alegación presentada pola CIG na que solicita que nesta oitava modificación da RPT do Concello de Guitiriz se amplíe a posibilidade da promoción horizontal a totalidade do persoal municipal en base ao criterio de homoxenización a toda a plantilla, parécenos adecuado que a soliciten aínda que vostedes a desestimen.

Vostede desestima esta alegación porque di que non aporta argumentación algunha sobre a ilegalidade de devanditos acordos entendéndoos conforme a dereito e tamén di que esta alcaldía considera necesario empezar coa promoción horizontal nos postos de administrativos e ver como se vai desenvolvendo e unha vez avaliada a súa posta en marcha estudarase incluíla nos demais postos da RPT.

Gustaríame saber o porque desta promoción so nos administrativos/as e non no resto de empregados/as.

A Sra. Alcaldesa di que a promoción so é posible para os funcionarios/as, para que o persoal laboral poida cambiar de salario habería que modificar as retribucións na RPT.

Teño que recordar que esta promoción non foi unha decisión miña unilateralmente posto que se levou a unha mesa de negociación e nela acordouse comezar pola promoción desas prazas e ningún representante dos traballadores/as mencionou que se fixera definitivamente para todos os traballadores/as. Esta alegación presentouse unha vez aprobada inicialmente esta modificación da RPT impedindo que entre en vigor todo o que se aprobou.

Podemos convocar unha nova mesa de negociación e que sexan os representantes dos traballadores os que propoñan a que postos consideran que seria necesario aplicar esta promoción horizontal.

Os ingresos do concello son os que son e estamos sometidos a unha fiscalidade de intervención e temos que prestar todos os servizos básicos aos cales teñen dereito os/as veciños/as polo que aos salarios pode destinarse o que se esta a destinar.

O voceiro do PP lee o que expresa o representante do CSIF, recibimos convocatoria da mesa de negociación para o día 17 de xaneiro para tratar entre outros puntos a oitava modificación da RPT que debido a relevancia deste punto consideramos necesario realizar un estudo detallado e contrastar a documentación recibida o venres 13 o que resulta inviable por mediar un día hábil entre a recepción da documentación e a convocatoria polo que solicito se estableza unha nova data para realizar a mesa de negociación que nos permita dispor dun período de tempo mais amplo para proceder ao estudo da documentación recibida.

Por outra banda o representante da CIG di que entendendo pois a implementación dun sistema de promoción horizontal a mesma non deberá ser limitada a uns postos específicos senón que se deberá implementar para todos os postos do persoal municipal, polo que solicito que a oitava modificación da RPT se amplíe a posibilidade de promoción horizontal a totalidade do persoal municipal en base a un criterio de homoxeneización a toda a plantilla.





Concello de Guitiriz

En definitiva non acabamos de entender o criterio que aplica porque si o fixeran con tempo e forma se podería ter feito doutra forma.

O voceiro do BNG di que un representante sindical pode facer alegacións de calquera traballador/a, pois isto é o que sucede neste caso, están facendo unha alegación dun ou varios traballadores/as a través dun representante sindical sobre unha cuestión que vostede esta obviando.

A Sra. Alcaldesa di que esta proposta da promoción horizontal fíxose a petición de algúns dos traballadores/as do concello. Os sindicatos poden pedir que se convoque unha mesa de negociación cos temas que eles consideren oportunos, nos catro anos que levo aquí ningún sindicato me propuxo celebrar unha mesa de negociación para tratar asuntos relacionados cos traballadores/as.

Esta alegación desestimase porque cremos que nestes momentos é inviable economicamente facer a promoción horizontal en mais postos.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, e abstención do PP e BNG.

Expediente 285/2023. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

<< PROCEDIMIENTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2023. OBRIGAS DE SERVICIOS PRESTADOS NO ANO 2015, 2021 E 2022. Expte. 285/2023

Consta nesta Alcaldía a existencia de facturas presentadas a través da plataforma de facturación electrónica FACE e no rexistro da sede electrónica por diversos acreedores municipais, que se relacionarán de seguido e que se atopan pendentes de pago:

| Rexistro | Data Operación | Concepto | Terceiro | Partida orzamentaria | Importe |
|----------|----------------|---|------------------------|----------------------|---------|
| | | INFORMES ANALITICAS AUGA DEPOSITOS GUITIRIZ E PARGA | EUROFINS IPROMA S.L.U. | 161 22799 | 512,56€ |
| 290 | 10/03/2023 | PRODUCTOS TRATAMIENTO DE AUGAS PISCINA MUNICIPAL | LINCOLD IBERICA S.L. | 161 22199 | 478,05 |





Concello de Guitiriz

| | | | | | |
|-----|------------|---|-------------------------|--------------|-----------------|
| | | FOTOCOPIADORA S. PERIODO 28/09 A 27/10/2021 | MACROCOPIA S.L. | 920 22799 | 1.458,40 |
| 184 | 30/12/2022 | PROGRAMA ESPECIAL PUBLICIDADE | RADIO PRINCIPAL S.A. | 432 22799 | 272,25 |
| | | | | TOTAL | 2.721,26 |

| Rexistr o | Data Operación | Concepto | Terceiro | Partida orzamentaria | Importe |
|--------------|-------------------|---|--|-------------------------|---------------|
| 4842 | 05/12/2022 | SEGURO OBLIGATORIO VEHICULO POLICIA LOCAL LU-3784W. BAIXA DEFINITIVA 26/05/2020. SEGURO CO CONSORCIO DO 17/11/1999 ATA 23/10/2015 | CONSORCIO DE COMPENSACIÓN DE SEGUROS | 132 22400 | 232,69 |
| | | | | TOTAL | 232,69 |

É vontade deste grupo de goberno de efectuar tódolos pagos pendentes aos acreedores municipais, e á vista das consecuencias negativas que poidan derivarse do incumprimento da normativa reguladora da morosidade nas administracións públicas, tanto para o Concello como especialmente para os provedores municipais.

Á vista dos seguintes antecedentes:

Conformidade das facturas de referencia con data 22/03/2023.

Documentación xustificativa por parte dos provedores no que se indica que as facturas por causas axenas a este Concello non foron presentadas ou rexistradas correctamente, non tendo esta Entidade constancia de ditas facturas.

No caso da factura de Radio Principal foi rexistrada o 30/12/2022 a ultima hora non podendo quedar aprobada dentro do prazo establecido por parte do departamento de contabilidade.

Mención especial compre o seguro do coche de policía local correspondente o 2015 que se tiveron que facer as xestións oportunas para determinar si correspondía o pago e buscar os rexistros de reclamación da débeda durante varios anos para descartar a prescripción da débeda.

Informe de intervención 2023-0066 , de data 22/03/2023.

Tendo en conta a regulación contida nos artigos 163 e 176 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, segundo os cal "[...] *Corresponderá al Pleno da la Entidad el reconocimiento extrajudicial de créditos, siempre que*





Concello de Guitiriz

no exista dotación presupuestaria, [...]”

Considerando que a imputación ao exercicio corrente dos gastos aos que se refire este expediente, en principio non prexudica á atención das necesidades do exercicio corrente, e tendo en conta a efectiva prestación dos servizos por parte dos emisores das facturas nos termos do establecido na Base 23 das de execución do vixente orzamento municipal.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do PP e coa abstención do BNG acordou o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial e por tanto as prestacións executadas, das facturas de referencia polo importe total de 2.953,95 €.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Alcaldía aos efectos de que se proceda á Ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990.

Terceiro.- Dar traslado do acordo ao Departamento de Intervención-Tesorería para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que eles estan de acordo con que aos provedores hai que pagarles pero como se observa, algunhas das facturas nin se sabe a data de rexistro nin da operación como por exemplo a que figura con concepto de informes analíticas auga depósitos de Guitiriz e Parga da empresa “Eurofins Iproma SLU” por importe de 512,56 €; outra sería da empresa “Macro copia SL” por importe de 1.458,40€. Estas dúas facturas figuran sen data de rexistro nin data da operación dos servizos e segundo se desprende do informe de intervención foron remitidas a este departamento sen a correspondente sinatura polo que a Sra. Alcaldesa tivo que facer unha dilixencia conformando que estes servizos foron prestados. Este descontrol ao que leva é que os provedores queden sen cobrar e queden dúbidas se realmente foron prestados eses servizos.

O voceiro do BNG di que vén que hai unha factura de 2021 de informes analíticas auga depósitos de Guitiriz e Parga por valor de 512,56 €, outra factura de produtos tratamentos de augas piscina municipal de xullo do 2022 por valor de 478,05 € e outra do ano 2021 da fotocopiadora por valor de 1.458,40 €, o que non explica vostede é porque estas facturas non se pagaron no seu momento.

Tamén hai unha da radio principal que estaría un pouco mais xustificada porque rexistrouse o 30/12/ 2022.

Tamén hai unha factura do ano 2015 do seguro obrigatorio dun vehículo que xa esta dado de baixa de 232,69 €.

Limitase a dicir que constan nas dependencias municipais unhas facturas que non foron presentadas correctamente pero saiba que é vostede a responsable de que non se fixeran as cousas ben.

A Sra. Alcaldesa di que hai unha que entrou o 30/12/2022 con posterioridade a que os funcionarios/as remataran a súa xornada laboral e non se puido pagar.

A factura do Consorcio de Compensación de Seguros aínda que corresponde ao ano 2015 tivemos coñecemento dela a finais do ano pasado.

En canto a factura de Eirfins Iproma o que sucedeu e que chegou por correo electrónico en vez de presentarse por rexistro.





Concello de Guitiriz

En canto a de Macro copia a factura non foi enviada por FACe que é unha plataforma para presentar as facturas.

O voceiro do PP di que solo quere aclarar que a factura do vehículo do ano 2015 é posterior a data en que o grupo do Partido Popular deixou de gobernar neste concello posto que a presentaron en novembro dese mesmo ano.

O voceiro do BNG reiterase no dito anteriormente, en todo caso vostede foi a responsable do concello durante estes catro anos.

A Sra. Alcaldesa di que como ela é a responsable deste concello por iso se traen a este pleno para poder pagalas.

Sometido o asunto a votación é aprobada cos votos a favor do PSOE e PP, e abstención do BNG.

Expediente 272/2023. Crédito extraordinario e Suplemento de Credito 1/2023

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 1, Abstencións: 5, Ausentes: 0

<<ASUNTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2023. Expte. 272/2023

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en Crédito Extraordinario e suplemento de crédito por importe de 598.500,00 € derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria ou a mesma é insuficiente, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE, co voto en contra do BNG e coa abstención do PP acordou o seguinte:





Concello de Guitiriz

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en Crédito Extraordinario e suplemento de crédito 1/2023 polo importe total de 598.500,00 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais:

GASTOS

| CONCEPTO | IMPORTE | PARTIDA |
|---|-------------------|------------|
| Servizos de prevención de incendios. Traballos realizados por outras empresas. Desbroce de rutas. | 20.000,00 | 136.21000 |
| Ordenación do tráfico e estacionamento. Traballos realizados por outras empresas. Pintado de rúas. | 18.000,00 | 133.22799 |
| Camiños Veciñais. Outras inversións de reposición en infraestruturas. Camiños varios | 58.500,00 | 454.61900 |
| Estradas. Outras inversión de reposición en infraestruturas. Estradas varias | 135.000,00 | 454.61900 |
| Administración xeral de infraestruturas. Traballos realizados por outras empresas. | 3.000,00 | 450.22799 |
| Tratamento de residuos. Traballos realizados por outras empresas. Retirada de puntos de acopio. | 15.000,00 | 1623.22799 |
| Alumeado público. Traballos realizados por outras empresas | 15.000,00 | 165.22799 |
| Instalacións deportivas. Reparacións, mantemento e conservación de instalacións. Obra de peche de piscina | 10.000,00 | 342.2100 |
| Promoción do deporte. Gastos en actividades deportivas | 33.000,00 | 341.22609 |
| Servizo de prevención e extinción de incendios. Reparación de elementos de transporte. Camión de incendios | 10.000,00 | 136.21400 |
| Asistencia social primaria. Produtividade | 20.000,00 | 231.15000 |
| Promoción do deporte. Transporte | 10.000,00 | 341.22300 |
| Asistencia social primaria. Traballos realizados por outras empresas | 25.000,00 | 231.22799 |
| Servizos complementarios de educación. Traballos realizados por outras empresas. Actividades complementarias de PAI | 6.000,00 | 326.22799 |
| Administración xeral. Traballos realizados pro outras empresas | 20.000,00 | 920.22799 |
| Servizos complementarios de educación. Inversión en edificios. Ampliación do PAI | 200.000,00 | 326.63200 |
| TOTAL | 598.500,00 | |

INGRESOS:

| APLICACION | DESCRIPCIÓN | IMPORTE |
|------------|-------------|---------|
|------------|-------------|---------|





Concello de Guitiriz

| | | |
|-------|---|------------|
| 87000 | Remanente de tesourería para gastos xerais. | 598.500,00 |
|-------|---|------------|

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que este punto na orde do día parécenos cando menos preocupante posto que no primeiro pleno despois de ser aprobados os orzamentos para o ano 2023 xa se trae un crédito extraordinario por valor de 96.166 euros e un suplemento de crédito de remanente de tesoureira por importe de 598.500 euros.

Algúns dos puntos a destacar sería o gasto por importe de 135.000 € para a mellora de camiños e estradas pero non se especifica as que se refire, gasto por importe de 18.000 € para ordenación do tráfico e estacionamento posto que considera necesario o pintado sen embargo non admite a tramite unha alegación presentada por unha veciña na que reclamaba que non había partida presupostaría para este fin. Pódenos explicar esta incoherencia?

Outros dos conceptos a destacar e o de traballos de alumeado publico por importe de posto que xa hai unha empresa contratada para o alumeado publico, reparación de vehículos, concretamente vehículo de extinción de incendios, por importe de 10.000 €.

Cando vostede entrou no concello había nas contas 2.326.261,94 € e a día de hoxe o concello contaba cun remanente de 1.092.118,08 euros e trala aprobación deste gasto quedan 533.518,88 e esto sen contar co endebemento do crédito por importe de 276.514 €, e dicir que ao concello quedaríalle na conta de remanente 256.977 euros mais as facturas que se pagaron quedarían na conta 7.000 euros.

O voceiro do BNG di que o xoves 26 de xaneiro aprobaron o orzamento do concello de Guitiriz, onde nos presentaron unhas cantidades desorbitadas, ou non, como se demostra agora dous meses despois, aprobaron 5.090.285,43 euros , e hoxe propoñennos unha modificación orzamentaria a alza de 598.500 euros, financiados co remanente de tesourería que tiña ou ten o Concello, para a xente que nos esta vendo e escoitando, cartos acumulados durante anos dos distintos orzamentos e que non foron executados no ano correspondente.

Como comenta o informe de intervención o uso de remanente de tesourería para gastos xerais supón unha modificación das previsións iniciais do capítulo 8 do orzamento de ingresos sobre o que non se recoñecen nin recadan dereitos, polo que supón incrementar a situación de inestabilidade orzamentaria.





Concello de Guitiriz

Continua dicindo, que mentras cos gastos que se financian corresponden cos capítulos 1 ao 7 do orzamento de gastos, este ingreso incorpórase no capítulo 8 do orzamento de ingresos polo que afecta a regra de gasto.

Segundo a Sra. interventora esta modificación orzamentaria cumpre coa lexislación vixente, aínda que recomenda que por prudencia e o mantemento dunha certa disciplina fiscal, debe seguirse unha senda moderada do crecemento do gasto e procurando situar os orzamentos e a súa liquidación en equilibrio. Comenta tamén que o uso do remanente de tesourería como fonte de financiación repercute na inestabilidade orzamentaria e como ben di, non e o mesmo o remanente de tesourería que a capacidade de tesourería e liquidez.

Mire se cambia o asunto, a finais do 2020 no Concello había un remanente de tesourería de 2.726.398 euros, sabe vostede en canto vai quedar o remanente de tesourería despois deste gasto que vai facer?, quedará un remanente en 533.511,88 euros. En dous anos gastou 2.192.886 euros do remanente que tiñamos no Concello, e o peor de todo é que non se notou en melloras no Concello. Esta é a política que fai vostede, gasto, mais gasto, e moito mais gasto do diñeiro público, diñeiro de todos/as os que aquí vivimos.

A Sra. Alcaldesa di que unha parte deses 2.726.398 euros xa non formaban parte do remanente porque se deron de baixa xa que non se ían poder cobrar.

Ese remanente antes do 2020 non se podía gastar pero a partir dese ano, con motivo da pandemia elimináronse as regras fiscais e iso permitiu aos concellos gastar o que tiñan acumulado de presupostos anteriores.

Tráese ese suplemento de crédito para facer inversións que cremos son necesarias que para iso se nos permite incorporar o remanente como suplemento de crédito, unhas das inversións de 200.000 euros é para a ampliación do PAI posto que é un servizo moi demandado.

O voceiro do PP di que o unico que esta facendo é a súa campaña política, non fixo nada nestes anos e agora quere facelo en dous meses.

O voceiro do BNG di que como teñen maioría, nesta sala está todo feito e aprobado, e si hai alegacións non van a valer para nada, quería falar un pouco do que van a gastar nesta modificación de créditos:

-Poñen servizo de prevención de incendios, limpeza de rutas 20.000 euros, porqué non foi nos orzamentos? Pasóuselles ou non cadraban as contas

-Ordenación de tráfico e estacionamento. Pintado de rúas, 18.000 euros, o mesmo porque non foi nos orzamentos, acaso este concelleiro non os avisou varias veces durante o ano 2022 que non se vían as raias dos pasos de peóns ?

-Camiños veciñais. 58.500 euros mais do mesmo, se non son competentes para elaborar un orzamento pidan axuda.

-Estradas. 135.000 euros o mesmo que anterior.

-Administración xeral 3.000 euros, non sei posiblemente calquera tontería da que non se deron de conta





Concello de Guitiriz

-Tratamento de residuos. 15.000 euros , si comezaron a eliminar estes puntos de residuos no 2022 e non o orzamentaron é que non dan para mais, e agora se deron conta que lles faltaba .

-Alumeado público. 15.000 euros , sigo comentando que igual co anterior, tiña que ir no orzamento.

-Instalacións deportivas, obra de peche da piscina.10.000 euros, aínda sigue pensando que a piscina que temos é para facer deporte?.

-Promoción do deporte, gastos en actividades deportivas 33.000 euros.

-Servizo de prevención e extinción de incendios, camión de incendios, 10.000 euros.

-Asistencia social primaria 20.000 euros.

-Promoción do deporte, transporte 10.000 euros, mais do mesmo

-Asistencia social primaria, 25.000 euros .

-Servizos complementarios do PAI 6.000 euros, porque non se orzamentaron estas actividades, ou tamén é improvisación.

-Administración xeral, 20.000 euros.

-Ampliación do PAI 200.000 euros. Na xunta non goberna o PSOE e xa se sabia que ao ser o PAI municipal non ían a dar cartos para a ampliación.

Resumindo 598.500 euros de todas as persoas do concello e que a vostede se lle ocorreu gastar ao igual que os contratos por un ano coa Voz de Galicia, o Progreso e o Terracháxa, son todo propaganda electoral pagada por todos para o seu beneficio.

Sra. alcaldesa non pode estar no PSOE e moito menos de alcaldesa dun pobo decente como Guitiriz.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos 7 votos a favor do PSOE, 5 abstencións do PP e 1 en contra do BNG.

Expediente 276/2023. Moción BNG referida ao apoio a ILP (Iniciativa Lexislativa Popular) sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

O voceiro do BNG da lectura a moción:

<< Moción referida ao apoio a ILP (Iniciativa Lexislativa Popular) sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria.

Exposición de motivos:





Concello de Guitiriz

Resulta evidente que Galiza padece a día de hoxe un acelerado deterioro da súa sanidade pública. Un deterioro que ten a súa orixe en 14 anos de recortes e privatizacións por parte da Xunta de Galiza. De feito, só en atención primaria, o orzamento reduciuse unha media de 200 millóns anuais, se tomamos como ano de referencia o 2009.

A política sistemática de recortes en atención primaria ten consecuencias que afectan a saúde das persoas: listas de espera de ate quince días para poder ter unha cita presencial nos centros de saúde, PACs sen persoal médico, miles de miles de crianzas sen persoal de pediatría asignado ou que as persoas doentes teñan que soportar urxencias hospitalarias saturadas con horas de espera para recibir atención médica.

A Xunta destina un 14% do gasto sanitario a atención primaria, moi lonxe do 25% que recomenda a Organización Mundial da Saúde. Estas cifras fan que Galiza sexa das últimas do Estado en gasto en atención primaria.

Esta situación provoca unha evidente preocupación na sociedade, que se traduciu en masivas mobilizacións cidadás, a última este 12 de febreiro en Santiago de Compostela foi a maior rexistrada en Galiza nos últimos 20 anos. Estas mobilizacións deixan patente que a Xunta ten que mudar a súa política sanitaria e que e precise apostar pola atención primaria, verdadeiro corazón do sistema sanitario.

A indignación cidadá manifestouse tamén na ILP de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria, promovida pola plataforma SOS Sanidade Pública e rexistrada o pasado 7 de febreiro no Parlamento galego, con máis de 50.000 sinaturas.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do BNG e dos seguintes membros do PP (Francisco José Penas Pardo e Angel Seoane Lamela) e coa abstención dos membros restantes do PP acordou o seguinte:

1. Instar ao Parlamento galego a tramitar con celeridade a ILP de medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria e aprobala por unanimidade.
2. Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentares e a Mesa do Parlamento.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que a Plataforma SOS Sanidade Pública é unha entidade partidista que non ten interese ningún en canto a mellora da sanidade pública, ten como obxectivo atacar a Xunta de Galicia e ao Partido Popular. Os partidos que apoian estas mocións e esta iniciativa lexislativa están a opoñerse sistematicamente as medidas que a Xunta de Galicia esta a promover.

Esta plataforma esta apoiada polos sindicatos e partidos de esquerda de cada territorio en Galicia como único voceiro Manuel Martín García, este médico foi nomeado membro do Consello Asesor do Sistema Sanitario de Galicia polo goberno bipartito entre o ano 2006-2009 e participou na elaboración do documento proposta, transformación da atención primaria en Galicia publicando en febreiro de 2009 sobre os Puntos de Atención Continúa coa seguinte conclusión: que os PACs en Galicia prestan unha atención de escasa eficacia e pouco resolutive e provoca unha





Concello de Guitiriz

elevada ocupación de profesionais e que polo tanto sería necesaria unha redución números de puntos de PACs.

Especial mención desta plataforma é a súa férrea oposición ao Convenio asinado no ano 2015 entre o SERGAS e a Fundación Amancio Ortega, chegando a afirmar que eran aparellos innecesarios os aceleradores lineais e os mamógrafos cunha inversión de 16,8 millóns de euros.

Con respecto a que houbo recortes na Sanidade Publica e incrementos na privada é totalmente falso o cal pódese desmentir cos orzamentos da Xunta incrementándose nun 36% en relación co que aprobou o bipartito no 2009.

Esta lexislatura votouse no Parlamento unha resolución sobre os informes do Consello de Contas para manter o gasto en concerto coa sanidade privada por debaixo do 6%, como se leva acreditando dende o ano 2009, aprobándose sen o apoio do Bloque Nacionalista e do Partido Socialista.

Con respecto a falta de médicos de atención primaria non é un problema exclusivo de Galicia, so hai que mirar a outras Comunidades como Asturias, Cataluña, Extremadura, Comunidade Valenciana etc para ver que teñen o mesmo problema. Pero aínda dispoñendo de mais orzamento a Xunta non pode contratar médicos porque non hai persoal dispoñible e é por isto que o Goberno de España acaba de ampliar a idade de xubilación ata os 70 anos facendo o traballo compatible coa pensión.

O Goberno de España mudou o sistema de elección de prazas formativas despois do exame MIR que non permite que os aspirantes coñecer en tempo real cales son as prazas dispoñibles, así no ano 2022 por primeira vez quedaron mais de 200 prazas formativas de medicina familiar sen cubrir, afortunadamente en Galicia menos de dez.

No pasado debate do Estado da Nación o PP presentou unha proposta de resolución na que se plasmaban unha serie de medidas que foron aprobadas co apoio de varios partidos pero o PSOE e BNG votaron en contra.

A Sra. Alcaldesa di que eles van votar a favor da moción porque solo con mirar como esta a atención sanitaria no noso concello xa podemos darnos conta que temos un problema coa Sanidade Pública.

Neste momento, ademais de incumprir de forma reiterada coa súa palabra de abrir o Consistorio de Parga con toda a actividade que tiña no momento en que se pechou, no PAC de Guitiriz que había catro médicos traballando agora hai dous con praza. Isto é mais que suficiente para saber que a atención sanitaria nesta Comunidade Autónoma esta a sufrir unhas carencias e unhas necesidades moi urxentes sendo necesario facer algo con carácter inmediato.

O voceiro do BNG di que non parece doado pensar que alguén non este de acordo con isto, posto que como xa se dixo, esta ILP recolle medidas urxentes para salvar a atención primaria do seu desmantelamento.

Esta ILP non fai máis que denunciar os principais problemas que padece este servizo, en especial; a substitución da consulta presencial pola telefónica; as





Concello de Guitiriz

dificultades para solicitar citas telemáticas para determinados colectivos sociais, especialmente a xente maior; as enormes listas de espera; o desmantelamento e peche de centros de saúde rurais, e os recortes de persoal. En todos os estudos demoscópicos a sanidade aparece como un dos primeiros temas de preocupación para a poboación galega, algo máis que xustifico.

Estamos ante unha situación de alarma sanitaria e as súas consecuencias son demoledoras: persoas crónicas que ao non facerlle seguimento descompénsanse, empeoran, rematan en urxencias e/ou ingresadas, diagnósticos tardíos, un deterioro constante da calidade asistencial e con profesionais exhaustas e des-motivadas.

E o máis lamentable é que isto non é froito da casualidade, nin de ningunha crise, nin pandemia, isto é nin máis nin menos que unha folla de ruta para debilitar e desprestixiar a sanidade pública. A razón é sinxela, nunha fase de estancamento capitalista, de redución de beneficios, a atención sanitaria é claramente o caldo de cultivo perfecto para convertela en negocio.

O último exemplo témolo en Andalucía, que na primeira semana deste mes publicou a orde para derivar as consultas de atención primaria a empresas privadas, fixando o prezo de cada cita médica que costará 65 euros ás arcas públicas.

Rebelarse contra esta situación é imprescindible, é unha auténtica necesidade, porque unha Sanidade Pública e de calidade iguálanos diante das necesidades de asistencia, sen depender da capacidade económica que teñamos.

O voceiro do PP di que eles tamén puxeron todos os medios para que volviera abrir o Consistorio de Parga o antes posible.

O tema da sanidade é algo que nos afecta a todos os cidadáns e tamén pensamos que hai cousas que mellorar.

A Sra. Alcaldesa reiterase no dito anteriormente e nós estamos de acordo coa moción e paréceme incríbel que se poda votar en contra.

O voceiro do BNG di que a Organización Mundial da Saúde recomenda que se destine a atención primaria o 25% do orzamento, isto ten toda a lóxica, porque canto mellor funcione a atención primaria mellor vai a funcionar o resto da sanidade, na Galiza estamos nos últimos postos a nivel estatal do gasto na atención primaria.

Como se di na moción, o vemos todos os días, e o sufrimos todos, uns mais que outros, pero en definitiva o problema é palpable, e dende a Xunta seguen sen tomar medidas.

Esta moción é de protesta e de moita preocupación polo que está a suceder, como así o demostrou a gran protesta multitudinaria que se fixo en Compostela o pasado día 12 de febreiro.

O corazón da sanidade pública é a atención primaria, e preciso reforzala canto antes, esta Iniciativa Lexislativa Popular para activar estas medidas urxentes foi promovida pola plataforma SOS Sanidade Pública e apoiada por mais de 50.000 sinaturas, para que o Parlamento Galego tramite canto antes esta ILP de medidas urxentes.

Sometido o asunto a votación o voceiro do PP propón liberdade de voto, quedando aprobada polos votos a favor do PSOE e BNG, e de dous concelleiros





Concello de Guitiriz

do PP (Francisco Jose Penas Pardo e Angel Seoane Lamela) e a abstención de tres concelleiros do PP (Xose Maria Teixido Nuñez, Maria Manuela Carballeira Garcia e Monica Vazquez Lago)

Expediente 277/2023. Moción BNG para que se volva a facilitar aos grupos políticos da oposición a documentación que ata o de agora viña facilitando.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O voceiro do BNG da lectura a moción:

<<MOCION PARA QUE A ALCALDESA RECTIFIQUE E VOLVA A FACILITAR AOS GRUPOS POLITICOS DA OPOSICIÓN A DUCUMENTACIÓN QUE ATA O DE AGORA VIÑA FACILITANDO.

Exposición de motivos:

No Concello de Guitiriz, dende que se dispón de un portal electrónico como "Gestiona" para facilitar toda a documentación día a día aos distintos grupos políticos mellorou a fiscalidade e o control ao equipo de goberno. Dende o inicio deste portal electrónico non houbo ningunha queixa por parte dos grupos municipais, porque melloramos moito na información do que acontece no Concello no día a día. Todos os decretos que asinaba a alcaldesa, estaban a disposición de todos os concelleiros da corporación municipal o mesmo día ou o día seguinte da súa sinatura.

Isto cambiou dende primeiros de marzo deste ano, non sabemos o porqué, aínda que o imaxinamos, pero o certo e, que a partires de agora os grupos políticos da oposición non vamos ter mais información día a día do que acontece no Concello ata que remate a lexislatura.

Polo visto a lei non abriga a facilitar esta documentación en tempo real, pero o certo é que poder consultar ao día os moitos decretos que se asinan entre pleno e pleno facilitan a labor dos distintos grupos políticos, unha labor que non é outra mais que a de mellorar os servizos á veciñanza de Guitiriz.

Con esta nova actitude de ocultación da información, antidemocrática, nada transparente e pouco ética; a señora Morandeira insiste en demostrarnos a prepotencia e a actitude chulesca que xa leva practicando cara aos concelleiros da oposición nos últimos plenos, e en definitiva tamén cara as veciñas e veciños deste Concello, porque non esquezamos que todas e todos os políticos aquí sentados, estamos ao servizo do pobo, incluída tamén vostede... señora alcaldesa.

Tempo cronometrado nos debates, interrupcións para desestabilizar aos portavoces da oposición, risas indebidas, e artimañas como desconectar os alta voces oíronse aquí nesta sala de plenos, que mais podemos dicir do talante e democracia empregada ou da transparencia ofrecida en toda a lexislatura pala señora Morandeira???

Pois que pouco ten de SOCIALISTA sra. alcaldesa!!!!.





Concello de Guitiriz

O pleno da corporación cos votos favorables do PP e do BNG e cos votos en contra do PSOE non acadou a maioría necesaria para aprobar o seguinte dictamen:

1º.- Por democracia, por ética por respecto a todas as persoas do Concello de Guitiriz, dicímoslle que rectifique e que como responsable do goberno de Guitiriz sexa transparente con todo o que aconteza no Concello, e nos deixe acceder a información en tempo real para cumprir co noso cometido, que non é outro, mais que estar ao servizo do pobo.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que ante a prepotencia de non facilitarnos os decretos ata tres días antes do pleno, posto que entre pleno e pleno suman 183 decretos pero non nos sorprende que non se nos queira ensinar para debatelos posto que necesitaríamos catro plenos de catro horas cada un. Preguntámonos onde van os cartos que gastou estes catro anos, dirá que van investidos en grandes obras de infraestrutura, como por exemplo a obra da renovación de bombeo da ETAP, pero quero recordarlle que non a fixo con cartos do concello senón con cartos da Xunta de Galicia, mais de 400.000 euros.

A alcaldesa aclara que a obra da ETAP foi financiada polo IDAE non pola Xunta.

Outra obra da que presume é da Casa da Botica, obra que nos últimos catro anos os únicos operarios que se viron son os que se encargaron de tirala converténdoa en escombros. Un dos edificios mais emblemáticos que tiña Guitiriz e que xa nunca se poderá recuperar.

Outra das inversións, a pista de padel no interior da nave do senpa, obra na que se gastou mais de 120.000 euros e que recepcionou a presa e correndo para non perder os cartos dunha subvención. Posteriormente e xa recepcionada tivo que solicitar un informe a un técnico externo do concello ante as graves deficiencias, por exemplo os vestiarios non estaban rematados.

Outro gasto foi a compra dunha nave por case 300.000 no parque empresarial, unha nave que non se axusta as necesidades do concello, tendo a maquinaria e aos traballadores repartidos entre as dúas naves, a do Senpa e esta do parque empresarial.

Non nos estraña que ante esta desorganización teñamos que ver escenas vergoñosas como os operarios pisando o asfalto nunha estrada co camiión do vehiculo de incendios en lugar de usar un pisón.

A Sra. Alcaldesa di que se ben pode entenderse a percepción por parte dos grupos que presentan a moción de que se está recortando o seu dereito a información en canto a que se modifica o réxime de acceso aos decretos que se viña utilizando nos últimos tempos o certo é, que non estamos ante un recorte que incida na transparencia na forma de actuar deste goberno senón ante unha regularización do dereito a información para cumprir co ordenamento xurídico e que unha vez explicado deixara claro o sistema actual, ademais de non ser consonte a normativa, penaliza claramente a actuación do grupo de goberno dentro do xogo democrático do manexo da información.

Neste senso e de conformidade co artigo 42 do ROF o acceso aos decretos se





Concello de Guitiriz

produce co traslado dos mesmos no momento da convocatoria da sesión plenaria, por tanto nunha primeira aproximación xa se observa que a practica de que no momento da sinatura dos mesmos por parte da alcaldía sexan accesibles a oposición sería contraria a dereito, pero que ademais o sistema de control establecido no ROF en desenvolvemento do artigo 23.2 da Constitución se completa co sistema de acceso aos expedientes dos artigos 14 e 15 do ROF nos cales se establece que:

<<Artigo 14. Dereito da información dos membros das Corporacións Locais

1. Todos os membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

2. A petición de acceso as informacións entenderase concedida por silencio administrativo en caso de que o Presidente ou a Comisión de Goberno non diten resolución ou acordo denegatorio no termo de cinco días, a contar dende a data de solicitude.

3. En todo caso, a denegación do acceso a documentación informativa farase a través da resolución ou acordo motivado >>

<<Artigo 15. Información obrigatoria aos membros das Corporacións Locais

Non obstante o disposto no número 1 do artigo anterior, os servizos administrativos locais estarán obrigados a facilitar a información, sen necesidade de que o membro da Corporación acredite estar autorizado, nos seguintes casos:

- a) Cando se trate do acceso dos membros da Corporación que ostenten delegación ou responsabilidades de xestión, a información propia das mesmas.
- b) Cando se trate do acceso de calquera membro da Corporación, a información e documentación correspondente aos asuntos que teñan que ser tratados polos órganos colexiados de que formen parte, así como as resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal.
- c) Cando se trate do acceso dos membros da Corporación a información ou documentación da entidade local que sexan de libre acceso para os cidadáns.>>

Polo que fóra dos casos de acceso directo do artigo 15 do ROF o acceso aos expedientes debe realizarse mediante solicitude de acceso expresa como establece o artigo 14 do mesmo o cal debe relacionarse coa previsión do acceso a totalidade dos decretos dende a data da convocatoria no senso de que para que a oposición forme correctamente a súa vontade no control dos expedientes non bastaría coa simple lectura dos decretos en moitas ocasións senón que deberían solicitar acceso ao expediente para estar correctamente informados da totalidade das actuacións practicadas. O prazo para solicitar dito acceso é de cinco días o que nos leva a conclusión de que o ordenamento está articulado de xeito que para que exista un estudo pormenorizado dun expediente pola oposición para presentar rogos, preguntas ou mocións o mesmo se produce con posterioridade a celebración da sesión plenaria dado que entre a convocatoria e a súa celebración pasan dous días e o acceso aos expedientes relativos as resolucións das que se dá acceso coa convocatoria prodúcese nun prazo de cinco días e por tanto posterior a sesión





Concello de Guitiriz

plenaria.

Por outra banda debemos ter presente a previsión do artigo 16.3 do ROF no cal se establece: os membros da corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función singularmente das que servirán de antecedentes para decisións que se atopen pendentes de adopción así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada en orixinal ou copia para o seu estudo.

Por outra banda non resultaría conforme ao artigo 23.2 da Constitución que a oposición en tempo real acceda as decisións do goberno en tanto que os representantes elixidos democraticamente como tal teñen unha autonomía no manexo dos tempos nas decisións que adopten e a súa publicidade que presenta un certo marxe e co sistema actual estase vendo coartado. Ademais ditas decisións para ser coñecidas pola oposición e polos cidadáns precisa dun procedemento que conleva as correspondentes notificacións ou publicacións o que implicaría unha nova violación do ordenamento xurídico.

Todos estes elementos conlevan que a pesar da xenerosidade no traslado das decisións que se adoptan vía decreto polo grupo de goberno deben replantexarse para evitar prexuízos no seu tratamento para o conxunto da cidadanía sen prexuízo de que a través do regulamento orgánico se poidan adoptar mecanismos de acceso aos decretos pola oposición que satisfaga tanto os seus intereses como os do grupo de goberno, todo elo dentro do marco do ordenamento xurídico e non como se estaba producindo actualmente.

O voceiro do BNG di que o seu partido non está dicindo e nunca dixo que o que esta a facer sexa ilegal, todo o contrario pero demostra o seu mal talante e a súa prepotencia ante todos os habitantes de Guitiriz e en particular para unha importante poboación do Concello. Preto de 2000 persoas que non votaron ao partido político o que vostede pertence, estamos a falar de persoas que elixiron outras opcións políticas que viven neste Concello e que coa súa postura antidemocrática e prepotente non van a estar debidamente representados, e me atrevo a afirmar que a xente que a votou tampouco está de acordo co que está facendo.

Esta ocultación de toda a documentación que pasa polas súas mans ata uns días antes de cada Pleno, vai a supoñer que a oposición a fiscalice e controle con dous meses de atraso con respecto a súa sinatura, e por suposto non vai a ser o mesmo, vai ser ou xa é totalmente fora de lugar cando poidamos acceder a ela.

Non sei a que ten medo, supoño a que saquemos a luz algo que vostede non quere, si se vai saber dous meses despois, faga as cousas ben, como ten que facelas, e non ten porqué ter medo a nada, sexa transparente, dixémoslle moitas veces que non quería a Guitiriz, e cada día estamos mais convencidos de que así é.

Non entendemos este retroceso da pouca democracia que xa mostraba, e totalmente bochornoso e prepotente o que vostede acaba de facer a toda a poboación do Concello, pero é legal.

O voceiro do PP di que él dixo antes que ler 183 decretos en tres días non é posible. Con este descontrol de persoal e medios materiais non nos extraña que teña o concello abandonado, aínda que agora nestes dous meses que quedan antes das eleccións intente facer un lavado de cara para intentar enganar aos nosos veciños/as





Concello de Guitiriz

pero estes non son tontos e sobre todo teñen memoria e saben perfectamente que nestes catro anos non fixo nada por Guitiriz.

A Sra. Alcaldesa di que ela solo quero resaltar dúas cousas:

1º- Eu si quero negociar con alguén algo, dende logo non o faría insultando a persoa con que vou negociar: antidemocrática, pouco transparente etc.

2º- Sen prexuízo de que a través do regulamento orgánico se poidan adoptar mecanismos de acceso aos decretos pola oposición que satisfaga tanto os seus intereses como os do grupo de goberno, todo elo dentro do marco do ordenamento xurídico e non como se estaba producindo actualmente.

O voceiro do BNG di que non se debería de esquecer de que hoxe vostede está de alcaldesa e mañá pode estar outra persoa, esta non é a súa empresa como vostede pensa, agora mesmo está gobernando o Concello de Guitiriz dunha forma autoritaria, cando debería ser ben distinta a súa forma de gobernar sobre todo representando a un goberno socialista, repítolle, non se pode tratar tan mal as persoas de Guitiriz.

Temos que dispoñer da información adecuada e imprescindible para participar nas deliberacións e votacións dos Plenos e para ter unha correcta labor de control e fiscalización.

Todas as persoas do Concello teñen que saber e coñecer día a día o que acontece nesta casa do Concello, o que teña algo que tapar ou agochar non pode estar gobernando o Concello de Guitiriz.

Si o BNG de Guitiriz ten algunha responsabilidade de goberno na próxima lexislatura volverá a ser totalmente transparente, como debe ser, por respecto a todas as persoas do Concello.

Sometido o asunto a votación é rexeitada cos votos a favor do PP e BNG e en contra do PSOE.

Expediente 279/2023. Moción do PP sobre a modificación do acceso os Decretos de Alcaldía para os partidos políticos da oposición

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O voceiro do PP da lectura a moción:

<< Moción do Partido Popular sobre a modificación do acceso os Decretos de Alcaldía para os partidos políticos da oposición

Exposición de motivos

A comezos de este mes de marzo o portavoz do PP neste Pleno recibía unha





Concello de Guitiriz

chamada do Secretario do Concello no que se lle comunicaba a decisión adoptada pola Alcaldesa, a Sra. Marisol Morandeira, de impedir o acceso os decretos firmados por ela para todos os grupos políticos da oposición ata tan só 5 días antes de cada Pleno.

Ata o de agora, dende a implantación do programa informático Xestiona, en todas as lexislaturas, os partidos políticos da oposición tiñan acceso os Decretos firmados polos respectivos Alcaldes (Alcaldes tanto do Partido Popular coma do Partido Socialista) dende o mesmo instante en que eran firmados.

Pois ben, a tan só dous meses das próximas eleccións municipais, a Alcaldesa de Guitiriz, nunha mostra máis da súa prepotencia e desprezo polos valores democráticos, toma a decisión de ocultar aos grupos da oposición tódolos decretos firmados por ela durante os dous meses que transcorren entre cada Pleno Ordinario. Eso sí, este cambio foi imposto pola Alcaldía de forma unilateral, sen previa consulta ou negociación con ningún dos representantes municipais da oposición, non tendo ademais nin tan sequera o valor de notificar a súa decisión por escrito, senón que nun acto de covardía preferiu ordenarlle o Sr. Secretario que informase verbalmente mediante chamada telefónica os portavoces dos grupos do PP e do BNG desta modificación.

E dicir, tira a pedra e esconde a man

Dende o Partido Popular pensamos que iso é precisamente o que pretende a Sra Alcaldesa, ocultar; ocultar tódolos decretos que firme e todas as decisións que tome o longo dos dous meses que separan un pleno do seguinte, séndolle de esta maneira máis fácil seguir a facer a política que mais lle gusta e que intentou levar a cabo durante toda a lexislatura: a política de "eu pincho e eu corto", sen ter en conta a opinión de ninguén, nin tan sequera dos seus propios concelleiros de Goberno.

Dende o Partido Popular queremos recordarlle a Sra Alcaldesa de Guitiriz que, entre moitas outras, unha das labores dos grupos políticos da oposición é control e fiscalización dos decretos e decisións adoptados polo equipo de Goberno dun concello e da súa Alcaldía.

Pois coa imposición desta medida, a medida de ocultar ata tan só cinco días antes de cada Pleno toda a información, o que esta a facer a Sra. Alcaldesa é dificultar unha das principais labores da oposición, máxime cando sabe que en ningún dos grupos políticos, tanto do PP como do BNG, existen concelleiros que dispoñan de dedicación exclusiva para desenvolver as súas labores políticas. Esta claro que o que pretende é impedir que os membros da oposición non teñen tempo suficiente para ler e analizar as súas decisións e decretos, intentando así ocultar ou impedir que poidan ser detectadas certas medidas políticas impopulares ou que poidan supor un prexuízo para o noso concello ou os seus habitantes.

O pleno da corporación cos votos favorables do PP e do BNG e cos votos en contra do PSOE non acadou a maioría necesaria para aprobar o





Concello de Guitiriz

seguinte ditame:

1º. Que de xeito inmediato os grupos políticos da oposición (Partido Popular e BNG) volvan a ter acceso a través do programa informático Xestiona de tódolos Decretos dende o mesmo momento en que son firmados.

2º. Pedimos que no se trate de ocultar información a los grupos políticos y que exista transparencia total en este Concello.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do BNG di que xa denunciaron na prensa e nas redes sociais a decisión que vostede tomou unilateralmente, o pouco talante democrático ao restrinxir o acceso aos decretos da alcaldía.

Dende o BNG lamentamos profundamente esta regresión democrática e que non ten xustificación algunha e supón un novo avance na actitude prepotente que se viña producindo por parte súa nos plenos, nos que toda a veciñanza puido apreciar a súa actitude chulesca e maleducada. Podemos entender o seu nerviosismo debido as vindeiras cita coas furnas na que se anticipa unha perda de apoios para o seu grupo trala nula labor que fixo polo concello nestes anos. Unha vez mais demostra o seu talante antidemocrático porque non é ético nin transparente e non ten nada de progresista, con esa actitude esta prexudicando a todas as persoas do concello, mesmo aqueles que lle votaron a vostede.

A Sra. Alcaldesa di que cando alguén ten que recorrer a tantos descalificativos persoais é que non ten un argumento válido para defender a postura que esta expoñendo.

Repito que non dar acceso ata que se convoca o pleno non é ocultar ningunha información porque no momento da convocatoria dáse acceso a todos os decretos asinados pola alcaldía e dispoñen de todo o tempo que necesiten para estudalos.

Non é verdade que non se dea acceso aos decretos como queren transmitir, o único que se fixo foi cambiar o modo de dar acceso a eses decretos.

O voceiro do PP di que non ten argumentos para defender a falta de transparencia neste concello.

O pasado seis de marzo recibo unha chamada do concello comunicándome que por orde da alcaldía non iamos ter acceso aos decretos como estabamos tendo ata ese momento, feito sen precedentes no concello de Guitiriz dende o fin da ditadura e aprobación da Constitución Española.

A ocultación aos membros da oposición de documentos relativos a xestión municipal e polo tanto a todos os veciños/as deste concello por iso deben saber que a ocultación dos decretos ata tres días antes do pleno impídenos poder traer mocións relativas a xestión municipal para poder debatelas.

Esta prepotencia e escurantismo son típicos de réximes ditatoriais, quero recordarlle a Sra. Alcaldesa que vivimos nun país democrático dende hai 40 anos. Esta claro que o que pretende ocultar é a realidade, a súa mala xestión e así intentar enganar aos veciños/as coas súas mentiras, pero a labor do Partido Popular é destapar as súas





Concello de Guitiriz

mentiras e contar a realidade de como se atopa o concello despois de catro anos de pésima xestión.

Cando chegaron ao concello no 2019 existían nas contas do concello mais de dous millóns trescentos mil euros e acaba de retirar case 600.000 euros de remanente quedando o concello en situación de inestabilidade financeira con pouco mais de 500.000 na cousas. Por si esto fora pouco e cos únicos votos a favor dos membros do seu partido acaba de aprobar os orzamentos pedindo un crédito ao banco por importe de 270.000 euros e a 31 de decembro quedaban facturas pendentes de pago por un valor de 250.000 euros.

O voceiro do BNG pide que lles explique porque todos estes anos nos ensinou os decretos en momento real e agora cambio a forma de actuar.

Como dixen antes, se non rectifica a ocultación e escurantismo na labor que esta facendo o seu grupo rematará o 28 de maio.

A Sra. Alcaldesa reiterase no dito anteriormente, non estamos ocultando información, cambiouse a forma de dar acceso aos decretos.

O voceiro do PP di que unha vez pagadas as facturas pendentes e devolto o crédito o concello quedaría en números vermellos, e por si isto fora pouco pretende formalizar un contrato de servizos enerxéticos por valor de dez millóns de euros a vinte anos.

Sometido o asunto a votación é rexeitada cos votos a favor do PP e BNG e en contra do PSOE.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

ROGOS

ROGOS PP

- Rogamos o arranxo urxente do teito da tribuna do campo Suso Cruz xa que presenta un estado lamentable e antes de que ocorra unha desgracia.
- Rogamos non malgaste o diñeiro dos impostos dos cidadáns de Guitiriz e non deixa máis débeda.
- Rogamos non gaste o diñeiro do concello na súa propaganda electoral.
- Rogamos non deixe facturas sen pagar.
- Rogamos deixe de enganar aos cidadáns en relación a que a Xunta de Galicia non colabora co PAI.

ROGOS BNG

- Rogamos que para deixar bo sabor de boca no remate deste lexislatura vaia rematando a Rúa Tralouteiro, Rúa Manuel María, a Senda Peonil ata os Sete Muiños,





Concello de Guitiriz

acondicione o aparcadoiro da Rúa Boa Veciña, prepare a area recreativa na finca de doou Jose Luis Campo Ansele e cando lle dean subvencións arranxe a Rúa Liberdade, os xardíns do Campo da Feira etc., a ver se queda algo para investir en Parga e no resto das parroquias e no caso de que non quede nada bote man do remanente que queda.

Intervén a alcaldesa para dicir que o equipo de goberno fixo unha recompilación dos rogos que levaron aos diferentes Plenos o PP e BNG chamándolles a atención:

- O PP trouxo 112 rogos e solo en 12 pedían algo para as parroquias que non fosen Parga nin Guitiriz
- O BNG presentou 115 rogos e soamente 10 eran distintos das parroquias de Parga e Guitiriz.

PREGUNTAS

PREGUNTAS PP

Preguntas do Pleno anterior:

- A pista de padel dende que data esta recepcionada?

Resposta: Foi recepcionada o 11/11/2021 pero tamén teño que dicir que o voceiro do PP solicitou e tivo acceso a ese expediente.

Preguntas deste Pleno:

-Cal foi o motivo dunha sanción de 3.000 euros a unha veciña da Rúa Boa Veciña.

Resposta: Informóuselle a veciña que o comportamento que estaba a ter podía ser sancionada cunha multa de ata 3.000 euros porque estaba obstruíndo a vía pública e non permitía facer unha obra.

-Cando ten pensado tapar as goteiras do PAI?

Resposta: As goteiras non son no PAI senón no soportal exterior cuberto que esta fora do PAI e xa intentamos tapalas.

-Dende o día 15 que se comezou a cobrar na pista de padel, pódenos dicir cantos usuarios houbo?

Resposta: Non o sei

-Canto lle custou ao concello a propaganda electoral?

Resposta: Non o sei

-Que pasou co coche abandonado que había na Rúa dos Sete Muiños?

Resposta: Había dous, un retirouse coa presenza da Garda Civil e a grúa e o outro co permiso do propietario do vehículo.

-Durante a celebración dos reis e entroido deste ano subíronse nas redes sociais fotos de menores, tiña autorización de todos os pais?

Resposta: Os actos que son en vía pública non necesitan de autorización pero teño que dicir que houbo unha persoa que se queixou porque se subiu unha foto do seu fillo/a e ofrecéuselle a posibilidade de retirar a foto ou pixelala pero non quixo.





Concello de Guitiriz

-No pleno anterior dixo que supoñía que había filtración de expedientes do concello porque non eran públicos, indagou sobre o tema?

Resposta: Esa aclarado e solucionado.

-Pódenos dicir porque verte a depuradora de Pardiñas sobre as fincas dos veciños/as?

Resposta: A depuradora de Pardiñas esta controlada e esta pendente de que Fenosa finalice o expediente para darlle a conexión eléctrica oportuna.

-Vostede comentou nun pleno que se desprazara a carroceta pequena ao incendio da casa de Trasparga pero os veciños/as afirman que non acudiu ningunha carroceta do concello de Guitiriz.

Resposta: A carroceta pequena estivo alí.

-Jose Manuel Lage Tuñas, concelleiro do partido socialista no Concello de A Coruña e secretario de organización do mesmo partido ten algunha relación de empresas que figuran no expediente mixto de servizos enerxéticos de alumado exterior e os edificios municipais.

Resposta: O único que temos contratado é unha empresa para facer o estudo e o proxecto.

PREGUNTAS BNG

-No Pleno que se celebrou o 22 de decembro dixo que para comezar a preparar a finca doada por Jose Luis Campo Anse de tiña que contratar a unha empresa pero que non daba atopado. No mes de febreiro a compañeira de Campo díxolle que non comezara porque non lle comunicaran nada ao concello e en marzo díxolle a compañeira de Jose Luis, que para este pleno ía estar a finca limpa. A que vén tanta improvisación?. Esta area recreativa vai estar a disposición da xente para o verán?

Resposta: Estará a disposición da xente cando estea acondicionada pero posiblemente para o verán non.

Sinto todo isto por Beatriz pero eu pensei que alguén se ía a poñer en contacto con nós para dicirnos que nos doaran esa finca, pero non foi así.

- O colector de saneamento leva moito tempo vertendo ao rio por debaixo da Ponte Veiga, saberá que hai un pozo de rexistro rebentado e verte continuamente ao rio. O material para reparalo esta alí, cando se vai amañar?

Resposta: A obra estaba iniciada pero hai unha liña de luz que no proxecto ía por encima pero finalmente se vai a canalizar.

-Sobre a obra do Curro Vello no pleno de 22 de decembro dixo que a empresa ía volver a repasar o que quedaba sen facer e tamén dixo que me ía chamar a min para ver todas as eivas. É para esta lexislatura ou xa ten abandonado o asunto?

Resposta: Xa veu o técnico para facer o informe das deficiencias, cando o teña xa lle darei traslado.

-Nun decreto aparece unha reparación dos vestiarios da pista de padel e temos que lembrar que estaban sen estrear, unha reparación que custou 4.362 euros. Porque





Concello de Guitiriz

se reparan si estaban sen estrear?

Resposta: Porque se observaron deficiencias de orixe na obra e incautamos a garantía da empresa adxudataria para emendar todas deficiencias.

-Neste ano fixo contratos para todo o ano coa Voz de Galicia, O Progreso, Terrachaxa por un custe 18.652 euros, non lle parece moi descarado facer a súa campaña electoral a conta de todas as persoas deste concello.

Resposta: Eses contratos fixéronse todos os anos dende que eu estou aquí para facer cuñas publicitarias de todos os eventos do concello, festival de Pardiñas, feira do callos e canteria de Parga, San Xoán etc

-O día 8 de febreiro aprobaron un convenio de colaboración con varios concellos, Xove, Abadin, Castro Verde, Ribeira de Piquin, Xermade, Guitiriz, Vilalba para unha execución de fins comúns consistentes en mellorar a eficiencia no ciclo da auga e solicitaron conxuntamente unha axuda económica. Vostede comentou que fixeran un investimento na estación de tratamento da auga potable de 356.000 euros solucionando así o problema da auga.

Resposta: Esa subvención é para poñer contadores dixitais, para facer auditoría da perda de auga, para controlar o ciclo da auga.

-Esta feita a promesa de canalización e soterramento da liñas eléctricas por valor de 70.000 euros e que se aprobou no pleno de 2021?

Resposta: Non esta feito porque houbo que contactar cos propietarios das fincas e non foi fácil, algúns están falecidos e houbo que buscar os herdeiros, pero neste momento temos os permisos de todos os propietarios.

-Con data 9/9/2022 sacou un decreto da listaxe das persoas admitidas e excluídas no expediente de selección dun limpador/a fixo-discontinuo no que constan 21 persoas admitidas e con data 2/02/2023 publicase o decreto da resolución de devandito proceso onde aparece unha persoa que é a que acadou a máxima puntuación, porque non figuran os nomes e as puntuacións do resto de persoal que se presentaron?

Resposta: Na resolución do proceso selectivo so sae a persoa que acadou a máxima puntuación e polo tanto a que posteriormente será nomeada para ocupar esa praza. Ao longo do proceso selectivo vanse publicando na sede electrónica do concello as actas do tribunal coas puntuacións das distintas fases do proceso selectivo.

-Que lle parece a chapuza de obra que se fixo na senda peonil dos Sete Muiños? e onde van aparcar os coches?. Asegúrolle que a senda peonil vai servir de aparcamento para os coches.

Resposta: Esta obra non está rematada.

-Nesta semana vimos no boletín informativo que envía o concello as casas, anunciando unha nova edición da festa da torta de millo coa actuación de Tanxugueiras, tamén fala do evento cultural máis importante que ten este concello e un dos mais importantes do noso país, o Festival de Pardiñas, incluso se atreve anunciar unha nova edición deste festival sen que a propia organización anunciara nada ao respecto. Non sei cal e o custe da festa de millo pero o custe das Tanxugueiras supera en euros mais de dez veces a aportación que o concello destina a o evento máis importante que se celebra en Guitiriz, e dicir, ao Festival de





Concello de Guitiriz

Pardiñas.

Dígame canto custa a festa e de que partida vai sacar os cartos?

Resposta: A festa da torta de millo vai presupuestada nos orzamentos que se aprobaron en xaneiro.

A subvención que se lle concede a Asociación Xermolos é de 6.000 euros, antes dividíase en distintas actuacións, dos cales unha parte eran para o Festival de Pardiñas, pero o ano pasado déuselles a subvención en global porque os membros da Asociación consideraron que así lles era máis fácil de xustificar.

De todas formas o concerto de Tanxugueiras non supera en euros máis de dez veces ao Festival de Pardiñas posto que Tanxugueiras custa 33.000 euros.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

